



Presentamos aquí unha pequena escolma bibliográfica que pode axudar a afondar nos libros bíblicos e a coñecer mellor o contexto en que naceron, a súa formación, o seu significado e o modo en que hoxe podemos interpretalos. Na actualidade é posible acceder a unha ampla bibliografía sobre a Biblia en diversos idiomas, mais nesta ocasión imos presentar só os libros que son accesibles en castelán aínda que en moitos deles se poderá consultar bibliografía noutras linguas.

Non citaremos a maioría dos estudos clásicos porque, aínda que son relevantes no camiño percorrido polos estudos bíblicos nos últimos dous séculos, en gran medida están incorporados de forma crítica en estudos máis recentes nos que se valoran os seus aportes pero tamén se evidencia a superación dalgunhas das súas formulacións ou hipóteses. Hoxe, asumindo os aportes das obras clásicas de carácter máis histórico-crítico e literario, a investigación bíblica incorpora novas metodoloxías sociolóxicas, narrativas ou feministas que aportan novos enfoques e permiten un achegamento máis axeitado ao mundo en que naceron os textos e unha comprensión nova do seu sentido literal, o que facilita a súa actualización ós novos contextos sociais e pastorais.

As obras que incluímos nesta escolma combinan con frecuencia diferentes perspectivas e métodos incluíndo contidos tanto histó-

¹ Carme Soto Varela é doutora en Teoloxía Bíblica. Forma parte da Sociedade Bíblica Española, da Asociación de Teólogas de España e do Consello de Redacción da Revista *Encrucillada*.

ricos coma literarios ou exexéticos pero por brevidade e claridade organizarémolas atendendo á súa proposta principal. Tendo isto en conta e por mor dunha maior claridade presentaremos as obras segundo os seus obxectivos centrais e sinalaremos o que pode ser máis relevante de cada unha delas.

1.- Enfoque histórico-cultural-social

En primeiro lugar presentamos obras que permiten un achegamento os diversos contextos que posibilitaron e determinaron o desenvolvemento dos textos, as circunstancias da súa creación, as influencias sociais ou as claves culturais que permiten entendedelos hoxe nun mundo moi diferente no que naceron.

GONZÁLEZ ECHEGARAY, JOAQUÍN, *Qué se sabe de la Biblia desde la arqueología*, Verbo Divino, 2011. Da man dun dos máis insignes arqueólogo bíblico español este libro achéganos información valiosa para coñecer o mundo e as sociedades nas que se desenvolveu a historia bíblica e deste xeito poder entender mellor os datos que os propios textos ofrecen.

ALBERTZ, RAINER, *Historia de la religión de Israel en tiempos del Antiguo Testamento*, 2 Vol. Trotta, 1999. A relevancia deste traballo está na articulación entre historia, relixión e dinámicas sociais mostrando un camiño de definición identitaria de Israel que vai progresivamente consolidándose ao carón das decisións políticas e a experiencia de fe. A redacción dos libros sostén esa identidade e ofrecen respostas aos diferentes desafíos que como pobo vai vivindo nos diferentes momentos históricos.

KESSLER, RAINER, *Historia social del Antiguo Israel*, Sígueme, 2013. Unha historia social de Israel na que se aborda a identidade social do xudaísmo antigo nas diversas etapas da súa historia como un modo de comprender as transformacións, desafíos e opcións que o fixeron posible.

AGUIRRE MONASTERIO, RAFAEL (ed.), *Así empezó el cristianismo*, Verbo Divino, 2015. Outro traballo colectivo que axuda a com-

prender o xurdimento do cristianismo, con importantes aportes dende a socioloxía e contextos culturais determinantes para comprender o modo en que se desenvolveron as orixes e tamén para saber ler moitas das afirmación bíblicas.

MALINA, BRUCE J., *El mundo del Nuevo Testamento. Perspectivas desde la antropología cultural*, Verbo Divino, 2015². Dende a antropoloxía cultural o autor afonda no contexto no que nace o Novo Testamento ofrecendo un marco fundamental para comprender o significado dos textos en diálogo coa súa cultura.

MALINA, BRUCE J. - ROHRBAUGH, RICHARD L., *Los evangelios sinópticos y la cultura mediterránea en el siglo I*, Verbo Divino, 2010. Este comentario ofrece o texto bíblico acompañado por dous tipos de materiais: unhas breves notas ao texto despois de cada pasaxe e unha serie de escenarios de lectura agrupados alfabeticamente ao final do libro que axudan a comprender os implícitos sociais e culturais que non son evidentes nos textos.

JEAN-LOUIS, SKA, *Los enigmas del pasado. Historia de Israel y relato bíblico*, Verbo Divino, 2003. Un libro axeitado e ameno para coñecer os principais fitos da historia de Israel e a súa forma de narra e de entender o mundo.

DIETMAR NEUFELD-RICHARD E. DEMARIS, (ed.), *Para entender el mundo social del Nuevo Testamento*, Verbo Divino, 2014. Estudo coral sobre o mundo mediterráneo antigo a partir de categorías como identidade, parentesco, memoria e etnicidade claves para entender moitos dos conceptos desde os que se interpretou a mensaxe de Xesús nos textos do Novo Testamento.

2.- Enfoque esexético e hermenéutico

En segundo lugar, apuntamos os traballos que buscan coñecer o sentido orixinal dos diferentes libros utilizando as ferramentas esexéticas e metodolóxicas propias dos estudos bíblicos. Estas obras aparecen en grande medida coma monografías ou manuais sobre un libro ou un conxunto de libros de temáticas semellantes, pero

tamén é posible atopar investigación relativas a personaxes relevantes da Biblia.

ANDIÑACH, PABLO R, *Introducción hermenéutica al Antiguo Testamento*, Verbo Divino, 2012. Ofrece chaves hermenéuticas para a lectura de cada un dos libros do primeiro Testamento axudando a captar a capacidade que seguen a ter estes textos de iluminar o noso presente.

SKA, JEAN LUIS, *El Pentateuco: un filón inagotable. Problemas de composición y de interpretación. Aspectos literarios y teológicos*, Verbo Divino, 2012. Un estudo claro e iluminador sobre a orixe e composición deste grupo de libros. Un pouco máis antigo pero con contidos relevantes para acceder a unha lectura axeitada do Pentateuco está tamén este outro libro do mesmo autor: *Introducción a la lectura del Pentateuco. Claves para la interpretación de los cinco primeros libros de la Biblia*, Verbo Divino, Estella 2001.

FISCHER, IRMTRAUD - NAVARRO PUERTO, MERCEDES, *La Torah*, Verbo Divino, 2010. Este é o primeiro volume dunha extensa colección de ámbito internacional que busca tanto o estudo dos textos como a súa recepción ao longo do tempo dende unha esexese e hermenéutica feminista. Neste caso as autoras/es afrontan os cinco primeiros libros da Biblia con novas preguntas e achegas.

SICRE DÍAZ, JOSÉ LUIS, *Introducción al profetismo bíblico*, Verbo Divino, 2012. Un traballo dun grande experto nos libros proféticos que pode axudar a coñecer mellor o complexo mundo do profetismo bíblico. O autor presenta o concepto e contexto do profetismo, as figuras máis senlleiras e os procesos de transmisión e redacción dos textos. Propón tamén algunhas actualizacións da mensaxe profética para hoxe.

FISCHER, IRMTRAUD - CLAASSENS, JULIANA, *Profecía*, Verbo Divino, 2020. Dedicase ás voces femininas da profecía na Biblia e no Antiguo Oriente. Explórase a iconografía relevante, o trasfondo histórico. Examínase tamén os roles das figuras femininas bíblicas nas narrativas proféticas.

VV.AA, *Historia y Narrativa*, Verbo Divino, 2017. Manual sobre historiografía bíblica que aporta as ferramentas necesarias para entender a natureza e contidos dos escritos que narran a historia de Israel, así como a súa mensaxe e ensinanza.

MORLA ASENSIO, VÍCTOR, *Libros sapienciales y otros escritos*, Verbo Divino, 2019. Volume dedicado ao estudo da literatura sapiencial. Cunha linguaxe clara e un estilo áxil, preséntase o estado da investigación sobre estes libros ofrecendo unha ampla bibliografía sobre os estudos en diferentes linguas sobre estes escritos bíblicos.

CALDUCH-BENAGES, NURIA, MAIER, CHRISTL M, *Los Escritos y otros libros sapienciales*, Verbo Divino, 2013. Este traballo multidisciplinar presenta desde a perspectiva de xénero un estudo crítico sobre a tradición sapiencial e narrativa de Israel marcada polo seu contexto patriarcal. Estuda ademais, as voces femininas que aparecen nestes libros, evidencia os roles e as relación de poder vixentes e visibiliza as voces críticas presentes nos textos.

AGUIRRE MONASTERIO, RAFAEL, *La memoria de Jesús y los cristianismos de los orígenes*, Verbo Divino, 2015. Un libro no que se examina a esexese bíblica e as tensións que existen entre ela e as diversas lecturas crentes da Escritura. Neste marco reflexiónase ademais na relación entre fe e historia e aborda un novo enfoque para o estudo das orixes cristiás.

BERNABÉ, CARMEN - GIL, CARLOS (ed.), *Reimaginando los orígenes cristianos*, Verbo Divino, 2008. Nesta obra colectiva podemos atopar a explicación dos métodos socio-históricos de esexese xunto con algunhas aplicación deses métodos no estudo dalgúns textos ou conceptos centrais do Novo testamento que permiten comprender mellor o impacto e o desenvolvemento do Cristianismo nas súas orixes.

SCHÜSSLER FIORENZA, ELISABETH, *Pero Ella Dijo. Prácticas Feministas de la Interpretación Bíblica*, Trotta, 1996. Presenta un camiño metodolóxico relevante para dar cabida ás pre-

guntas das mulleres e doutros grupos marxinados na lectura da Biblia. A autora artella a súa proposta a partir dos principios da teoría crítica feminista con carácter interdisciplinar e intercultural.

GNILKA, JOACHIM, *El evangelio según san Marcos*, I e II, Sígueme, 1986, 2019⁶. Esta obra é un clásico nos estudos sobre Marcos afondando na orixe do texto e nos obxectivos do autor. Aporta tamén contidos sobre a historia da influencia deste evanxeo nas distintas épocas.

MARCUS, JOEL, *El evangelio según Marcos*, 2 volumes , Sígueme, 2010-2011. Este comentario inclúe unha introdución xeral aos datos relevantes do evanxeo e o comentario de cada capítulo cun esforzo por conectar e recuperar a experiencia dos primeiros oíntes para achegarse ao sentido xenuíno no texto.

BOVON, FRANÇOIS, *El evangelio según san Lucas*, volumes I-IV, Sígueme, 2015³, 2012², 2016², 2010. Un gran comentario no que o autor presenta a esexese crítica do texto á historia e recepción do evanxeo aportando unha bibliografía específica en cada sección. No segundo volume analiza a relectura que fai Lucas do evanxeo de Marcos e da fonte dos ditos.

LUZ, ULRICH, *El evangelio según san Mateo*, volumes I-IV, Sígueme, 2010³, 2006², 2013², 2018². Esta magna obra é un dos mellores comentarios esexéticos, sobre Mateo. Presenta unha tradución literal do texto; análises do mesmo: destinatarios e fontes, ademais da exposición da historia da recepción.

CARTER, WARREN, *Mateo y los márgenes. Una lectura socio-política y religiosa, Comentarios al Nuevo Testamento*, Verbo Divino, 2007. Presenta este evanxeo como unha experiencia contracultural que mostra ao grupo de seguidores de Xesús como unha comunidade alternativa resistente examinando minuciosamente os factores históricos, literarios, culturais e eclesiais.

FITZMYER, JOSEPH A., *Los Hechos de los apóstoles*, 2 Vol, Sígueme, 2003. Aínda que o orixinal inglés é de 1998 segue sendo un dos

comentarios máis actualizados e exhaustivos sobre este libro que permite un achegamento esexético ao texto de calidade.

MARGUERAT, DANIEL *Los Hechos de los apóstoles*, 2 Vol., Sígueme, 2014. Este comentario combina a información histórica e a lectura teolóxica con pistas para a reflexión sobre o texto.

BROWN, RAYMOND E., *La comunidad del discípulo amado*, Sígueme, 20167. Esta obra é xa un clásico e o autor un dos principais estudiosos do mundo xoánico. A orixinalidade da obra está en converter o estudo do evanxeo nunha reconstrución da comunidade que o fixo posible, convencido de que o relato non só fala de Xesús senón da comunidade que cre nel.

ZUMSTEIN, JEAN, *El evangelio según Juan*, 2 Vol., Sígueme, 2016. O comentario ofrece tres niveis de achegamento ao texto. No primeiro deles, as notas de crítica textual, historia e estilo literario; no segundo, abórdanse as cuestións de contido e de teoloxía que iluminan o texto. Por último, ofrécense de forma sintética os resultados da esexese.

RODRÍGUEZ CARMONA, ANTONIO - AGUIRRE MONASTERIO, RAFAEL, *Evangelios sinópticos y Hechos de los Apóstoles*, Verbo Divino, 1982; Reedición 2005. Un traballo xa clásico pero de gran claridade, abordando cada evanxeo e as súas tradicións desde as perspectivas literaria, teolóxica e socio-histórica.

ESLER, PHILLIP, *Conflicto e identidad en la carta a los Romanos. El contexto social de la carta de Pablo*, Verbo Divino, 2006. Unha perspectiva moi interesante para entender os grandes temas desta carta desde os desafíos que os destinatarios están a vivir e as propostas que Paulo articula para ofrecerlles unha resposta.

ESTÉVEZ LÓPEZ, ELISA, *Mediadoras de sanación*, Comillas, 2008. Esta obra céntrase na praxe sanadora de Xesús coas mulleres. A autora ofrece unha interpretación esexética e teolóxica dos relatos, ofrecendo unha nova lectura das milagres e visibilizando a importancia das mulleres no seguimento de Xesús.

ALBERTO DE MINGO KAMINOUCI, *La Biblia de principio a fin. Una guía de lectura para hoy*, Sígueme, 2019. Unha ampla panorámica de cada un dos libros bíblicos. Protagonistas, escenarios xeográficos, acontecementos históricos, culturas, xéneros literarios e unha infinidade de informacións complementarias axudan a reflexionar sobre o presente a partir do pasado.

CARMEN BERNABÉ UBIETA - CARLOS GIL ARBIOL - RAFAEL AGUIRRE MONASTERIO, *Guías de lectura de los evangelios de Mateo, Marcos y Lucas*, Verbo Divino, 2014. Este libro ofrece unha interpretación respectuosa e fonda dos evanxeos sinópticos que pode servir para acompañar a lectura de cada evanxeo no ciclo litúrxico. Axudar a adquirir un coñecemento suficiente das obras e a traballalas en grupo.

LUIS, ALONSO SCHÖKEL, *Salmos*, 2 Vol, Verbo Divino, 1992.

3.- Enfoque literario e teolóxico

Neste apartado presentamos algunhas obras que se achegan con diferentes metodoloxías aos contidos teolóxicos da literatura bíblica artellando historia, literatura e reflexión teolóxica.

TREBOLLE, JULIO, *La Biblia judía y la Biblia cristiana. Introducción a la historia de la Biblia*, Trotta, 2013⁴. É un libro no que podemos atopar información sobre a historia, a formación dos libros canónicos e apócrifos, a transmisión e tradución do texto bíblico e a interpretación dentro dos contextos xudeu e cristián.

ARTOLA ARBIZA, ANTONIO MARÍA - SÁNCHEZ CARO, JOSÉ MANUEL, *Biblia y Palabra de Dios*, Verbo Divino, 1989. Reedición 2020. Unha boa introdución a conceptos chave para entender o vínculo entre palabra humana e divina na Biblia. Canon, inspiración, hermenéutica e método son conceptos explicados con claridade e precisión neste libro.

FÉLIX GARCÍA LÓPEZ, *Al encuentro de Dios en la Escritura. Estudios de teología bíblica*, Verbo Divino, 2018. Céntrase no estudo do con-

- cepto de Deus nas Escrituras xudeas artellando os aspectos literarios cos principais temas teolóxicos que van aparecendo nos textos.
- SKA, JEAN LUIS, *Compendio de Antiguo Testamento*, Verbo Divino, 2017. Cunha linguaxe sinxela, o autor expón as cuestións fundamentais teóricas e prácticas para comprender as liñas literarias e teolóxicas centrais do Antiguo Testamento.
- KRAUS, HANS JOACHIM, *Teología de los salmos*, Sígueme, 2009³. Presenta as teoloxías do Antiguo Testamento a partir do que se reflicte nos Salmos. Introduce tamén un capítulo para os salmos no Novo Testamento
- GARCÍA FERNÁNDEZ, MARTA, *Yo estoy haciendo algo nuevo. Un ensayo de Teología Bíblica sobre la consolación*, Verbo Divino, 2011. A autora fai un estudo sobre a consolación na Biblia que integra os aspectos semánticos e filolóxicos do concepto coa reflexión teolóxica, o que lle permite entrar na fondura da realidade humana.
- ÁLVAREZ CINEIRA, DAVID, *Qué se sabe de... La formación del Nuevo Testamento*, Verbo Divino, 2015. Este libro achéganos de forma clara e didáctica á composición, recepción, colección e organización do que hoxe coñecemos como Novo Testamento.
- PENNA, ROMANO, *La formación del Nuevo Testamento en sus tres dimensiones*, Verbo Divino, 2012. O autor presenta un estudo sobre a formación do Novo Testamento a partir das súas relacións co Antiguo Testamento, o seu desenvolvemento literario e a súa culminación no canon.
- VOUGA, FRANÇOIS, *Una teología del Nuevo Testamento*, Verbo Divino, 2018. Presenta os grandes temas bíblicos, mostra o seu significado para a comprensión da existencia humana.
- MARINELLA PERRONI - MERCEDES NAVARRO PUERTO, *Los evangelios. Narraciones e historia. El Nuevo Testamento*, Verbo Divino, 2011. Este volume presenta diversos estudos sobre os evanxeos a partir da eséxese feminista.

4.- Ferramentas bíblicas

Un breve apuntamento sobre posibles ferramentas que poden complementar o estudo e comprensión da Biblia.

PIKAZA IBARRONDO, XABIER, *Gran diccionario de la Biblia*, Verbo Divino, 2015².

SIMIAN-YOFRE, HORACIO (ed), *Metodología del Antiguo Testamento*, Sígueme, 2001.

WESTERMANN, CLAUS, *Diccionario teológico manual del Antiguo Testamento*. Tomo I-II, Cristiandad, 1971.

PÉREZ FERNÁNDEZ, MIGUEL, GARCÍA MARTÍNEZ, FLORENTINO, ARANDA PÉREZ, GONZALO, *Literatura judía intertestamentaria*, Verbo Divino, 2017.

SCHNEIDER, GERHARD, BALZ, HORST, *Diccionario exegético del Nuevo Testamento*, 2 Vol, Sígueme, 2005³, Sígueme, 2012³

COENEN, LOTHAR (ed.), *Diccionario teológico del Nuevo Testamento*, 2 Vol., Sígueme, 1980.

STRECKER, GEORG - SCHECKER, UDO, *Introducción a la exégesis del Nuevo Testamento*, Sígueme, 1997.

5.- Guías de lectura do Novo Testamento

Unha colección aínda non completada na que se poden atopar estudos sobre os diferentes libros do Novo Testamento feitos por biblistas relevantes do panorama español. Teñen o valor de ser textos rigorosos pero asequibles para un público amplo. Contan con indicación de axuda a lectura axeitadas.

MARTA GARCÍA FERNÁNDEZ, *Mateo*, Verbo Divino, 2015.

MARÍA LUISA MELERO GRACIA, *Carta de Santiago*, Verbo Divino, 2015.

SENÉN VIDAL GARCÍA, *Colosenses y Efesios*, Verbo Divino, 2013.

XAVIER ALEGRE SANTAMARÍA, *Carta a los Romanos*, Verbo Divino, 2012.

FRANCESC RAMIS DARDER, *Hechos de los Apóstoles*, Verbo Divino, 2009.

ISABEL GÓMEZ-ACEBO, *Lucas*, EVD, 2009.

MERCEDES NAVARRO PUERTO, *Marcos*, EVD, 2018.

FRANCISCO RAMÍREZ FUEYO, *Gálatas y Filipenses*, Verbo Divino, 2006.

CARLOS GIL ARBIOL, *Primera y segunda carta a los Tesalonicenses*, Verbo Divino, 2004.

JUAN MIGUEL DÍAZ RODELAS, *Primera Carta a los Corintios*, Verbo Divino, 2003.

XABIER PIKAZA IBARRONDO, *Apocalipsis*, Verbo Divino, 1999.

6.- Revistas sobre Biblia

Reseña Bíblica, <http://www.verbodivino.es/coleccion/84/rese%C3%B1a-biblica>

Revista Bíblica, <https://www.revistabiblica.com/>

Estudios Bíblicos, <https://www.sandamaso.es/revista-estudios-biblicos>

Carme Soto Varela